

DE GALICIA, ESPAÑA E MÁIS ALÁ **Historia da Educación. Novas de Galicia**

Durante o ano 2016 realizáronse en Galicia diversas iniciativas e actividades congresuais, expositivas e editoriais por celebración do centenario da creación das *Irmandades da Fala*, panca de reivindicación da lingua e da cultura galega, onde tamén se incluíron diversas iniciativas para a galeguización escolar, como en particular a creación da *Escola d'ó Insiño Galego* na Coruña, por impulso do editor Anxel Casal.

En diversos lugares da xeografía galega tamén se conmemoraron os 100 anos de creación dalgunhas das escolas fundadas polas Sociedades de Instrución dos emigrantes galegos en América, como foi o caso da de Caamouco, baixo o impulso da Sociedade Instructiva da localidade.

E comezaron a chegar as novas conmemoracións: os 50 anos da creación dos Institutos de Vilalba (1956) e de Porriño (1957), os 40 anos do Colexio Menela de atención aos trastornos do espectro autista, os 30 anos de creación do Seminario Galego de Educación para a Paz.

Un recordo para o xesuíta Evaristo Rivera Vázquez, falecido recentemente; o grande historiador dos colexios dos xesuítas en Galicia.

A cidade de Lugo acolleu no pasado setembro de 2016, baixo organización do grupo Sarmiento de Hª da Educación, o VIII Encontro Ibérico de Historia da Educación, coa presenza de máis de 60 investigadoras e investigadores vindos de moitas universidades dos dous Estados. Un encontro no que se presentaron preto de 30 informes de investigación; isto é, o panorama das

máis recentes preocupacións investigadoras e unha mostra magnífica da renovación metodolóxica actualmente existente. Días tamén de convivencia e de intenso intercambio académico.

O 2016 trouxo igualmente a edición galega do texto de Dewey, *Democracia e Educación* ("Colección de Clásicos Universais" do Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago), edición que conta cunha notable introdución elaborada polo profesor Antón Costa, que impulsou esta edición, sendo realizada a tradución ao galego por parte do profesor Manuel Vieites.

Tamén neste ano de 2016 foi presentada ao público a "Colección de Pedagogía" da Editorial Kalandraka, baixo a dirección de Antón Costa. Entre os seus primeiros catro libros, ademais de dous da autoría de Francesco Tonucci, hai que destacar polo seu particular interese histórico, os de María Montessori, *Educación para un mundo novo*, con epílogo-estudo do profesor Lois Ferradás e de Vigotski, *A imaxinación e a expresión artística na infancia*, con epílogo-estudo do profesor Juan Carlos Pardo. Textos que en conxunto resultaron ben acollidos. Está prevista a edición en 2007 dun dos textos máis relevantes do pensador e pedagogo francés Philippe Meirieu, e de textos de Piaget, nos que este aborda a interacción entre a pedagogía e a psicología.

No inicio de 2017 foi presentado en Ferrol o documental *O rastro que deixamos*, elaborado pola editora Seis Pés, a modo de homenaxe ao escritor e educador Agustín Fernández Paz, que ademais de presentar trazos notables da súa biografía, permite coñecer algunhas das iniciativas que compuxeron os primeiros pasos da

renovación escolar logo do franquismo, en particular en Ferrolterra.

Debemos referir o interese das crónicas xornalísticas que o profesor, investigador e director do *Album da Ciencia* (Portal dixital do Consello da Cultura Galega) ven inserindo na prensa dominical coruñesa arredor de distintos sucesidos e estudosos ligados ao desenvolvemento histórico do coñecemento científico en Galicia. Unha fonte de información moi apreciable para seguir construíndo a historia da educación en Galicia.

Publicística relacionada coa historia da educación en Galicia

A) Libros

Alonso Macías, M. (2016). *Instituto Santa Irene de Vigo. Setenta años de historia*. Vigo: Ed. Cardeñoso.

Cuevas Buján, L., Rodríguez Prieto, C. (coords.) (2016). *Escuela Obrera de Ferrol. 100 años. Un siglo de porvenir*. Madrid: Navantia.

Llorca Freire, G. (2016). *Juan García Niebla: entre a innovación pedagóxica e o compromiso cidadán*. Asociación Cultural de Canido: Muiño do Vento.

Picallo, H., Loureiro, C., Nuñez, M. (2016): *Homenaxe a Olimpio Arca Caldas. Un mestre do pobo*. A Estrada (Pontevedra): Edicións Fervenza, 250 pp.

Viscasillas, J. A. (2016). *La Escuela de Ingenieros Navales de Ferrol. Academia de ingenieros y maquinistas de la Armada (1914-1932)*. Juan Antonio Suances y Augusto Miranda, dos ilustres ingenieros navales. Ferrol: Fundación marqués de Suances.

Contribucións publicadas en libros

Bolaño Amigo, U. (2016). Os nenos en Castela, *Gran Enciclopedia Galega*, T. XLIX, pp. 166-173.

Costa Rico, A. e X. M. Malheiro (2016). Historia da Educación. En Santos Rego, M. A. (ed.). *A investigación educativa en Galicia 2002-2014*. Vigo: Galaxia, 65-110.

Costa Rico, A. (2016). Prólogo (estudio introductorio). En Dewey, J., *Democracia e educación. Unha introdución á filosofía da educación*. Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións da Universidade de Santiago, 15-99.

Costa Rico, A. (2016): "O ensino no tempo das Irmandades. A 'escola galega' como proxecto", en Cochón, L. (Coord): *Arredor das Irmandades da Fala. Pensamento, política e poética en Galicia (1914-1931)*. Vigo: Edicións Xerais e Galicia, 131-144.

Costa Rico, A. (2016): "Textos libres, periódicos y correspondencia escolar freinetiana: redes que derriban fronteiras", en Galvan Lafarga, L. E., et alii (Coords.): *Más allá del texto: autores, redes del saber y formación de lectores*. México: Centro de Investigaciones y Estudios Superiores en Antropología Social/ Publicaciones de la Casa Chata, 201-216.

Fraga Vázquez, X. A. (2017): O Colexio de Farmacia de San Carlos de Santiago e outras institucións do ensino da química en Galicia. Os comezos da química moderna en Galicia e a súa proxección no século XIX. Bicentenario do Colexio de Farmacia de Santiago de Compostela (1815-2015). En Díaz-Fierros, F. (coordinador), Santiago de

- Compostela: Consello da Cultura Galega, 59-82.
- Porto Ucha, A. S. e Vázquez Ramil, R. (2016): «Los paseos, visitas y excursiones como elementos de espacio lúdico. Una propuestade vitalización escolar en el contexto de la escuela republicana». En Dávila, P. e Naya, L.M. (Coords.), *Espacios y Patrimonio Histórico-Educativo. VII Jornadas Científicas de la SEPHE y V Simposio Iberoamericano: Historia, Educación y Patrimonio Educativa*. Donostia-San Sebastián, 29 de xuño – 1 de xullo de 2016. Donostia-San Sebastián: Erein Argitaletxea, 629-644.
- B) Artigos de revistas**
- Costa Rico, A. (2016). “Luis F. Iglesias (1915-2010), Pedagogo latinoamericano, Galicia e Nova Escola Galega, con Jesualdo ao fondo”. *Innovación Educativa*, 26, 305-321.
- Costa Rico, A., Malheiro Gutiérrez, X. M. (2016). “La investigación histórico-educativa en Galicia, 2002-2014”. *Historia y Memoria de la Educación*, 4, 307-335.
- Cotelo Guerra, D. (2016). “Una iniciativa pública de capacitación profesional femenina en el primer tercio del siglo XX: la Escuela del Hogar y Profesional de la Mujer de Madrid”. *Innovación Educativa*, 26, 59-75.
- Durán Rodríguez, M^a. D. E. (2016). Docentes viguesas que sufrieron la represión del régimen franquista: algunos ejemplos. *Glaucofis*, 21, 533-558.
- Fuentes Abeledo, E. J. (2015). “Os irmáns García Naveira e o dereito a unha boa educación para todos e todas”. *Anuario Brigantino*, 38, 399-422.
- García Cortés, C. (2016). “José M^a Salgado Ferreiro (1840-1919). Fundador de la escuela coruñesa de niños pobres y ciegos”. *Compostellanum*, LXI, 647-696.
- Gómez Gómez, M^a C. et alii (2016). “La Universidad Popular femenina de la Grande Obra de Atocha de A Coruña (1927-1968)”. *Cabás*, 16, pp. 48-59.
- Pardo de Neyra, X. (2016). “O proxecto do Colexio Fingoi en Lugo. Análise, contextualización e dimensión dun feito educativo á sombra do institucionalismo”. *Revista Galega de Educación*, 67, 72-78.
- Piñero Sampayo, M^a F. (2016). “El modelo de mujer formado en los colegios religiosos”. *Innovación Educativa*, 26,
- Porto Ucha, A.S. e Vázquez Ramil, R. (2016). “Unha oportunidade de estudo para a muller: Os idiomas, de verniz cultural a cuestión profesional (1910-1936)”, *Innovación Educativa*, N^o 26, pp.77-99.
- Sixto Barcia, M^a (2016). “Educación femenina en Galicia a finales del Antiguo Régimen”. *Innovación Educativa*, 26, pp. 13-22.